

PROXECTO DE LEI DE CAZA DE GALICIA. A OPINIÓN DA S.G.H.N.

Consideracións xerais

A promulgación dunha Lei de Caza para Galicia é necesaria debido ós cambios acaecidos na realidade legal, social, ambiental e cinexética dende a promulgación da vixente Lei de Caza de 1970:

- A Lei de Caza de 1970 está parcialmente desfasada como consecuencia da aparición de numerosas normas legais, europeas, españolas e galegas, sobre a conservación do Medio Ambiente en xeral, e da fauna en particular, durante os últimos 25 anos.
- A inadaptación da Lei de 1970 á realidade galega, xunto coa inoperancia das sucesivas administracións, provocou a atomización da superficie cinexética en incontables coutos de caza minúsculos, verdadeiros "coutos de Taifas" nos que a principal perxudicada é a fauna, cinexética ou non.
- A sentenza 102/1995 do Tribunal Constitucional (BOE do 31-07-95) atribúe ás autonomías a competencia exclusiva en materia de xestión da caza.

Nembargante, o proxecto de Lei elaborado polo executivo autonómico - tan inspirado na Lei de Caza de 1970 e no seu regulamento de 1971 que o 42% dos artigos son similares ou idénticos - non é a Lei de Caza que demanda a realidade socioecolóxica de Galicia nos albores do século XXI, a pesares de que supón un avance en canto que establece unha superficie mínima para poder practicar a caza e unhas probas de aptitude e coñecementos para os cazadores.

O máis grave erro do proxecto de Lei é de índole ecolóxico e social: no seu espírito todo o medio natural xira en torno á caza, cando a explotación dos recursos cinexéticos ten que estar claramente supeditada e subordinada a un ben superior, a conservación do medio ambiente como patrimonio natural inalienable de tódolos cidadáns. En liña co anterior, o primeiro obxectivo desta Lei non debера ser o fomento da caza, como se sinala na exposición de motivos, senón o de garantir que a explotación cinexética realizada por unha minoría, os cazadores, non hipoteque a conservación da fauna e o funcionamento natural dos ecosistemas, que, non o esquezamos, son patrimonio natural de todo-os galegos.

É asimesmo un erro considerar a caza como "un recurso natural renovable", que "proporciona utilidades de índole ambiental", ou unha "actividade recreativa con carácter similar a calquera outra das que satisfai o ocio nas sociedades avanzadas", como se pretende xustificar na exposición de motivos da Lei. A caza é unha explotación violenta e destructiva dun recurso natural que está moi lonxe, no espírito e na práctica, doutras actividades no medio natural (sendeirismo, observación e fotografía da natureza). A caza, ademais, entra en conflito con estas

actividades xa que supón a ocupación casi exclusiva do territorio polos cazadores durante determinados días o ano, pois a xente teme ser ferida nun accidente de caza.

Obxecto da caza.

O exercicio da caza debера regularse de xeito que quede garantida non só a conservación das especies cinexéticas, senón tamén a das especies protexidas que dependan daquelas e a dos ecosistemas.

Terreos de réximen cinexéticos común.

A súa superficie mínima continúa debера ser de 2000 ha, de igual xeito que nos terreos cinexeticamente ordenados, e non 500 ha como se contempla no proxecto de Lei. No cómputo desta superficie mínima deberan excluírse as zonas de seguridade e os terreos de carácter non cinexético. Os plans de ordenación cinexética tamén deberan ser obrigatorios nestes terreos e a cargo da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Reservas de caza.

Estas áreas do territorio tan só deberan adicarse á aclimatación, reprodución, conservación, fomento e defensa de especies cinexéticas autóctonas.

Refuxios de fauna

Así deberan chamarse, e non refuxios de caza, as áreas do territorio nas que, por razóns biolóxicas, científicas ou educativas, sexa preciso prohibir permanentemente a caza para asegura-la conservación de determinadas especies. A declaración dun refuxio de fauna debера levar implícita a súa inclusión no Rexistro Xeral de Espacios Naturais de Galicia, e tamén a súa administración, control e vixilancia pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Os terreos cinexéticos incluídos en espazos naturais protexidos deberan perder a súa condición e pasar a ser refuxios de fauna, agás que o plan de ordenación dos recursos naturais correspondente indique outra cousa.

Terreos cinexeticamente ordenados (TECOR).

De igual xeito que nos terreos de réximen cinexético común, no cómputo da superficie mínima (2000 ha) deberan excluírse as zonas de seguridade e os terreos de carácter non cinexético.

Co fin de reduci-lo impacto da caza sobre as poboacións cinexéticas, os TECOR deberan manter como refuxio de caza permanente unha superficie mínima do 10% dos seus terreos de carácter cinexético. No caso de que, por circunstancias excepcionais, estas áreas perdesen a capacidade de cumpli-la súa función debера declararse outro refuxio de caza de similares características.

A xestión dos TECOR autonómicos debера realizala directamente a Administración cinexética, e nunca por medio de sociedades ou asociacións de cazadores.

A extinción dos TECOR tamén debera contemplarse no caso da comisión de infraccións graves ou moi graves que afecten ás condicións impostas nas autorizacións administrativas relativas ó ordenado aproveitamento das poboacións cinexéticas e a protección destas e dos ecosistemas dos que forman parte.

Terreos dedicados a explotacións cinexéticas.

Dende o punto de vista ecolóxico este é un dos aspectos máis conflictivos, polo que o proxecto de Lei debera ser moito máis preciso e restrictivo. Considérase imprescindible:

- A existencia dun estudio de efectos ambientais.
- A análise periódica da concentración de chumbo en solos e augas (nestas zonas de caza intensiva hai risco de acumulación deste metal pesado tóxico procedente dos perdigóns).
- Fixar unha superficie máxima (500 ha para caza menor, 1000 Ha para caza maior) e unha distancia mínima (5 km) entre dous terreos adicados á explotación da actividade cinexética.
- A prohibición expresa da súa instalación no interior dos espazos naturais obxecto de especial protección relacionados nos anexos das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento das provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra (D.O.G. 22, 23 e 24 de xaneiro de 1990).

Zonas de seguridade.

Posto que a súa finalidade é "garanti-la adecuada protección das persoas e os seus bens" (Artigo 24.1), nelas nunca se debera autoriza-la caza.

Terreos cercados.

Co fin de evitar a fragmentación do territorio que ameaza a conservación da fauna, os terreos cercados con fins cinexéticos deben axustarse sempre ó disposto na *Ley 4/1989 de Conservación de los Espacios Naturales y de la Flora y Fauna silvestres*.

Introducción e solta de especies cinexéticas.

É incomprendible e inadmisíbel o tratamento tan superficial dado polo proxecto de Lei a unha temática de capital importancia. A redacción deste artigo debera de ser moito máis precisa e detallada: "A introducción e solta de especies cinexéticas esixirá autorización expresa e previa da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes unha vez verificados a necesidade, a cantidade, as especies, os controis xenéticos e sanitarios dos espécimes que se van a empregar, os requisitos para realiza-las soltas, a época, o marcado das pezas e as condicións de transporte entre outras. Quedan expresamente prohibidas as repoboacións ou soltas realizadas con espécimes de taxóns ou variedades alóctonas".

Prohibicións.

Deberan prohibirse non só "a tenencia e utilización de tódolos procedementos de caza masivos ou non selectivos, así como aqueles que puidesen causar localmente a desaparición dunha especie cinexética", senón tamén os que, indirectamente, afecten a unha especie protexida, ou

alteren a estabilidade das súas poboacións e a dos ecosistemas dos que forman parte.

Tamén deberan prohibirse, sin excepción, a caza fóra do período comprendido entre a saída do sol e o seu ocaso, a caza con chamariz, pistola ou armas de calquera gas comprimido e a caza con munición de chumbo en zonas húmidas, cursos e masas de auga.

Licencias de caza.

As probas de aptitude deberan ser obrigatorias para tódalas persoas que queiran obter a licencia de caza, e non só para aquelas que a soliciten por primeira vez, posto que os cazadores que xa tiveron licencia nunca demostraron diante da Administración "a aptitude e os coñecementos precisos" esixidos no Artigo 44.1 da Lei. En tanto non se regulamenten estas probas de aptitude e coñecementos, calquera persoa que solicite a licencia de caza só debera obter unha licencia provisoria.

Taxas dos terreos cinexéticos.

As bonificacións nas taxas da matrícula anual son excesivas e claramente discriminatorias contra os TECOR que protexan as súas poboacións cinexéticas:

- Un TECOR que adique a refuxio de caza o 50% da súa superficie durante alomenos 2 anos obterá unha bonificación proporcional na súa taxa: un 50%.
- Un TECOR polo só feito de ser municipal terá unha bonificación do 75%; os TECOR cinexético-deportivos e societarios terán bonificacións de ata o 50% polo número de socios e de ata o 75% si deixan un 10% dos permisos diarios para cazadores alleos.

Infraccións.

Non deberan considerarse infraccións leves, sinon graves: a) cazar antes da saída do sol e despois do seu ocaso, b) cazar cando por calquera circunstancia estea reducida a visibilidade, c) cazar servíndose de animais ou vehículos como medio de ocultación, d) entrar con armas ou outras artes autorizadas en terreos nos que estea sinalizada a prohibición de cazar.

Tampouco deberan considerarse infraccións graves, sinon moi graves: a) cazar empregando faros, lanternas, espellos e outras fontes luminosas artificiais, desde aeronaves, vehículos ou embarcacións motorizados, b) non declararen os titulares ou xestores de terreos con réxime cinexético especial as epizootias na fauna ou incumpri-las medidas para a súa prevención ou erradicación, c) cazar con armas que disparen en refachos, con cargador de máis de dous cartuchos, con silenciador, visor nocturno ou munición non autorizada, d) soltar especies exóticas ou animais infectados ou espécimes que poidan contaminar xenéticamente ás poboacións silvestres, e) cazar servíndose, ou aproveitándose, do lume ou en terreos queimados recentemente.

Finalmente, para graduar as sancións debera terse en conta a transcendencia social e o prexuízo causado ós recursos cinexéticos, ás especies non cinexéticas protexidas ou ós hábitats, e ós comisos tamén deberan aplicarse no caso das infraccións leves.